



**CALENDARIO XERAL E DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS DO PROCESO DE FUNCIONARIZACIÓN**

Para efectos de dar cumprimento ao Acordo de Funcionarización do persoal laboral de administración e servizos da Universidade da Coruña, subscrito con data 13 de xullo de 2012, establécese o seguinte calendario xeral e disposicións complementarias do proceso de funcionarización:

- 1º.- Aprobación do Acordo e presentación ante a Xunta de Galicia..... xullo 2012.
- 2º.- Elaboración da nova RPT do PAS Funcionario.....xullo-agosto 2012.
- 3º.- Aprobación da nova RPT.....setembro 2012.
- 4º.- Convocatoria xeral do proceso de funcionarización.....outubro 2012.
  - Inicio do Plan de formación..... outubro 2012.
  - Inicio das probas de funcionarización..... primeiro trimestre 2013.

5º.- Rematado o proceso de funcionarización, e de acordo coa normativa xeral de Función Pública, aos funcionarios procedentes dos extintos grupos laborais 4A e 4B se lles ofertará unha convocatoria extraordinaria de promoción interna ao grupo superior das súas respectivas escalas especiais, isto é, ao grupo C1 e C2 respectivamente, ao mesmo tempo que se oferte ao persoal funcionario da escala xeral auxiliar a súa promoción ao grupo C1.

Estas convocatorias extraordinarias realizaranse no trimestre seguinte ao transcurso do prazo de dous anos desde a toma de posesión do dito persoal laboral fixo como funcionarios. Rematados estes procesos de promoción Interna, as seguintes convocatorias para ingreso na escala xeral administrativa faranse directamente ao subgrupo C1; do mesmo xeito e rematados os ditos procesos, as seguintes convocatorias para ingreso nas escalas especiais técnica auxiliar e de servizos, realizaranse directamente aos subgrupos C1 e C2, respectivamente.

Esta promoción Interna extraordinaria dos funcionarios procedentes dos extintos grupos laborais 4A e 4B exceptuarase do carácter absorbible das melloras retributivas derivadas de procesos de carreira administrativa de carácter ordinario a que fai referencia o parágrafo b) da estipulación 10ª do Acordo de Funcionarización do 10 de xullo de 2012.

6º.- Para efectos do cálculo do cómputo bruto anual a que fai referencia o parágrafo segundo da dita estipulación 10ª do Acordo de Funcionarización, teranse en conta, para cada clase de persoal, os seguintes conceptos retributivos:


- Persoal funcionario: soldo, dúas pagas extraordinarias, complemento de destino, complemento específico, complemento de produtividade e IPC galego.





- Persoal laboral: soldo, tres pagas extraordinarias e complementos de categoría superior, posto, permanencia, perigosidade, nocturnidade, dispoñibilidade, xefatura e convenio.


A Coruña, 13 de xullo de 2012.


A presidenta da Xunta de Persoal

  
Nuria Vieira Sousa  
Por CIG


  
José Felipe Fernández López  
Por CUT


  
Jesús F. Puente Varela  
Por CC.OO.

  
Javier López Domínguez  
Por USO


  
Manuel Romero Beade

O presidente do Comité de Empresa

  
Xosé Manuel Portela Fernández  
Por CSI-CSIF

  
Carmen Cartamil Obelleiro  
Por UGT

Susana Carballal Graña  
Por APA

  
Manuela Pinzas Rego

O reitor

  
Xosé Luls Armesto Barbelto

